

NIVEL II

MÓDULO 1

UNIDADE 3: A TERRA, UN PLANETA DO SISTEMA SOLAR

Semana 1: A terra e o sistema solar.....	Páxinas 3 a 36
Semana 2: O día e a noite.....	Páxinas 37 a 62
Semana 3: O tempo atmosférico.....	Páxinas 63 a 82
Revisión da unidade:.....	Páxinas 83 a 94

GRUPO DE TRABAJO:


María Eugenia Freire Bazarra

María Esther Martínez Rivas

Francisco Javier Remuiñán Iglesias

UNIDADE 3

SEMANA 1: A TERRA, UN PLANETA DO SISTEMA SOLAR



O sistema solar está formado polo Sol e nove planetas que xiran arredor del. Un destes planetas é a **Terra**.

A terra xira arredor do Sol cun movemento de **translación** que dura un ano. Este movemento dá orixe ás estacións: primavera, verán, outono e inverno. A súa duración é de 365 días e 6 horas, é dicir, un ano.

No noso calendario, un ano ten 365 días. Coas horas que sobran cada ano, cada catro anos reúnen 24 horas, que forman un día enteiro. Por iso, cada vez que pasan catro anos o mes de febreiro ten 29 días en vez de 28. Eses anos de 366 días chámanse bisestos.

Entanto que se traslada, a terra xira sobre si mesma cun movemento de **rotación**. Este movemento orixina o día e a noite, e a súa duración é de 24 horas.

A **Terra** é como unha grande esfera, algo achatada polos polos. As montañas, os vales e os ríos da súa superficie, aínda que nos parecen enormes, son pouco importantes comparados coas súas dimensións. Xa que logo, podemos dicir que se trata dun planeta liso.

A exploración do espazo durante os últimos anos amosounos desde lonxe o aspecto do noso planeta. A **Terra** recibe o nome de *Planeta azul* porque, desde o espazo, aparece de cor azulada debido á grande cantidade de auga que hai na súa superficie. Unha gran parte da superficie terrestre é auga.

FALAMOS

Que é o sistema solar?

A Terra é un planeta en movemento ou está parado?

Que é un ano bisesto?

É o planeta Terra totalmente redondo?

Por que lle chamamos á Terra *o planeta azul*?

1. Verdadeiro ou falso?

O movemento de translación dura 366 días.

Cando o mes de febreiro ten 29 días, ese ano chámase bisesto.

O movemento de translación orixina o día e a noite.

A maior parte da superficie terrestre é auga.

2. Explique o significado que estas palabras teñen no texto.

Unha estación é _____

Un calendario é _____

Unha esfera é _____

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Lea outra vez o texto inicial “A terra, un planeta do sistema solar”. Procure a palabra *orixe* e elixa despois o significado máis adecuado neste caso:

A. Clase social á que pertence unha familia ou unha persoa.

B. Lugar de procedencia dunha cousa.

C. Causa ou motivo para que algo ocorra.

2. Una cada palabra co seu significado.

Enorme

Chan

Liso

Xigantesco

Escabroso

Diminuto

3. Complete, segundo a lectura, estas frases:

- O sistema solar está _____ polo sol e nove planetas.

- Coas horas que _____ cada ano, cada catro reúnense 24 horas.
- Entanto que se traslada, a terra _____ sobre si mesma.
- A Terra é como unha grande _____.
- As _____, _____ e _____ da súa superficie...

4. Reordene estas palabras para formar frases:

*como / algo / A / é / por / achatada /
terra / esfera / polos / os / unha / grande*

*Días / no / cinco / e / un / noso / ten / trescentos / calendario
/ ano / sesenta*

5. Risque as palabras mal escritas e corríxaas

*Sitesma arredor estación primabeira
sobrante terestre movemento xirar
orixen vez bisesto dia axatada*

ADIVIÑANZAS SOBRE OS ASTROS

Alto Pepiño,
redondo molete,
que chova, que neve,

que non se derrete

Solución: _____

Alto me vexo
no meu lugarexo;
non hai home nado nin por nacer
que de alí me poida mover.

Solución: _____

Sempre quietas,
sempre inquedas;
durmidas de día,
e de noite espertas.

Solución: _____


Sen traballar, teño cartos;
sen morrer, son nova e vella,
e sen comer carne con caldo,
moitas veces estou chea.

Solución: _____

DIFERENTES IDEAS HISTÓRICAS SOBRE O PLANETA TERRA


A observación do ceo é tan antiga coma a humanidade. Desde hai moito tempo, as persoas empezaron a preguntarse o porqué dos movementos que se observaban no ceo. Os primeiros que intentaron dar unha explicación foron os gregos.

Pitágoras, un pensador do século VI antes de Cristo, foi un dos primeiros en afirmar que a Terra era esférica e que estaba inmóbil no centro do universo. Segundo el, o Sol, a Lúa e os planetas xiraban en círculos arredor da Terra. Consideraba o círculo como unha figura perfecta, xa que non ten principio nin fin. Rodeando a esfera da Terra, pero moito máis lonxe, atopábase a esfera das estrelas, que xiraba tamén arredor da Terra. Fóra desta esfera non había nada.



Os gregos chamaban xeos á terra. Como supoñían que o noso planeta estaba no centro do Universo, este xeito de explicar o mundo chámase **xeocéntrico**.

No século XVI, un astrónomo chamado Nicolás Copérnico revolucionou a astronomía ao pór en dúbida as ideas da antigüidade, e substituílas por outras totalmente diferentes. Copérnico afirmou que a Terra non permanecía quieta no centro do Universo senón que xiraba, xunto co resto dos planetas, arredor do Sol. Como o nome grego para o sol é *helios*, este xeito de ver as cousas coñécese co nome de **visión heliocéntrica**.



Con estas novas ideas, a astronomía avanzou moitísimo. Aínda que ao principio os sabios da época a miraban con certa desconfianza, axiña se decataron os matemáticos de que a teoría heliocéntrica explicaba moitos fenómenos observados no ceo.

FALAMOS

Quen foi un dos primeiros pensadores en afirmar que a Terra era esférica?

Que figura consideraban perfecta os gregos?

En que se diferencian as ideas de Pitágoras das de Copérnico?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Complete estas frases coas palabras que correspondan.

Universo	astronomía	fenómenos
inmóbil	esférica	heliocéntrica

Pitágoras foi un dos primeiros en afirmar que a terra era _____ e que estaba _____ no centro do _____.

No século XVI, un astrónomo chamado Nicolás Copérnico revolucionou a _____.

Os matemáticos decatáronse axiña de que a teoría _____ explicaba moitos _____ observados no ceo.

2. Separe e puntúe correctamente este parágrafo

Pitágoras un pensador do século VI antes de Cristo foi un dos primeiros en afirmar que a Terra era esférica e que estaba inmóbil no centro do Universo.

3. Relacione cada ciencia coas profesións que correspondan a cada unha:

Astronomía
Matemáticas
Ciencias
Xeoloxía
Bioloxía

Científico/a
Astrónomo/a
Matemático/a
Biólogo/a
Xeólogo/a

4. Localice as seguintes palabras nesta sopa de letras:

Mercurio – Venus – Terra – Marte – Xúpiter – Saturno – Urano – Neptuno – Plutón

C	R	T	D	O	N	U	T	P	E	N	F
Z	C	V	Ñ	G	I	P	J	B	H	C	G
A	E	M	E	R	C	U	R	I	O	Ñ	P
T	F	G	U	Z	N	M	K	U	I	E	A
Z	V	E	N	U	S	G	C	V	F	N	R
Q	S	F	C	V	X	T	G	N	U	M	E
O	C	D	F	V	M	A	R	T	E	N	T
N	N	I	H	F	B	N	Q	L	Ñ	O	I
A	S	A	T	U	R	N	O	B	V	T	P
R	Z	X	Q	A	D	C	V	N	M	U	U
U	H	P	X	C	V	N	F	D	V	L	X
A	B	A	R	R	E	T	O	N	I	P	Ñ

IDEAS SOBRE O NOSO MUNDO

1. Todos os corpos que están no espazo chámanse astros. Os astros poden ser estrelas, planetas, satélites ou cometas.
2. As estrelas teñen luz propia e por iso se ve o seu brillo nas noites claras. O Sol é unha estrela.
3. Os planetas non teñen luz propia e xiran arredor dunha estrela. A Terra é o noso planeta e xira arredor do Sol, do que recibimos luz e calor.
4. Os satélites tampouco teñen luz e xiran arredor dun planeta. A Lúa é o noso satélite, xira arredor da Terra e tamén recibe luz do Sol.
5. O Sol e os nove planetas que xiran arredor del reciben o nome de Sistema Solar.

Complete estas frases coas palabras do recadro.

Sol – satélite – planeta – nove – estrela – astro – cometa

1. Todos os corpos que están no espazo chámanse _____
2. Os astros poden ser estrelas, planetas, satélites e _____
3. O sol é unha _____
4. A Terra é un _____
5. A Lúa é un _____
6. A Terra xira arredor do _____
7. O noso sistema solar ten un Sol e _____ planetas.

XOGAMOS COA LINGUAXE GREGUERÍAS

As *greguerías* son comparacións enxeñosas que se fan entre dúas cousas. Inventounas Ramón Gómez de la Serna, un escritor español de principios do século XX. Lea as seguintes *greguerías*, inventadas por el:

1. A coliflor é coma o cerebro das verduras.
2. A escarola é unha leituga co pelo rizado.
3. A vaca é unha viña que sempre ten uvas e dá un viño moi branco.
4. Unha ferverza é a auga cando se solta o pelo.

FALAMOS

Imos intentar completar estas *greguerías* de Ramón Gómez de la Serna:

- Cando o armario está aberto parece que toda a casa _____.
- Ao oír a sirena parece que o barco se soa o _____.
- O "X" é a cadeira de _____ do alfabeto.
- As gaivotas naceron dos _____ que din adeus! nos portos.

Agora tócalle a vostede. Intente completar estas frases como se foran *greguerías*:

1. A terra é _____
2. A lúa é _____
3. O sol é _____
4. Unha estrela é _____

OS NOMES DOS DÍAS DA SEMANA E OS PLANETAS

O ser humano, desde épocas primitivas, tivo a necesidade de medir o tempo. Necesitouno para organizar os períodos de sementeira e colleita, para a crianza dos animais, para lembrar etapas importantes da súa vida, da historia, etc.

Para o cálculo do tempo fixouse no vento, na choiva, na temperatura, no clima e, por último, nos movementos do Sol e da Lúa. É así como creou as unidades de **día** e **ano**.

Ademais destas dúas unidades de tempo baseadas nos movementos da terra, o ser humano utilizou outras dúas medidas, a **semana** e o **mes**. A semana corresponde a sete días. Esta división do tempo baséase na Biblia, que nos di que Deus creou o Universo en seis días e ao sétimo descansou.

Os nomes dos días da semana teñen a súa orixe en Roma e están dedicados á Lúa, a varios planetas e a datas especiais.

Luns, día da Lúa.

Martes, dedicado ao deus Marte.

Mércores, día de Mercurio.

Xoves, dedicado a Xúpiter.

Venres, en relación con Venus.

Sábado, vén do *Sabbath* xudeu, día de descanso na Antigüidade.

Domingo, día do Señor.

OPINAMOS

Que outras unidades de tempo utilizamos?

Utilizan outras culturas tamén os planetas como referencia para medir o tempo?

É o ser humano prisioneiro do tempo?

Que hai de certo nestes refráns?

Voa o tempo coma o vento.

O tempo é ouro.

O tempo é gran mestre.

Todo o cura o tempo.

ESCRIBA

1. Subliñe todas as palabras do texto que leven *v*. Despois cópieas:

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Escriba unha frase con cada unha destas palabras:

Sementeira: _____

Cálculo: _____

Unidade: _____

División: _____

Referencia: _____

3. Complete estes refráns dos meses:


1. *Ata o corenta de _____ non quites o saio.*
2. *En _____ augas mil.*
3. *En _____ frío no rostro.*
4. *Trinta días ten n _____ con a _____,
x _____ e s _____.*
5. *M _____ ventoso e a _____ chuvioso
sacan a m _____ florido e fermoso.*

4. Explique o que queren dicir estas expresións:

- *“Veu todo o mundo”.*
- *“O mundo está ao revés”.*
- *“Desde que o mundo é mundo”.*
- *“Vive no seu mundo”.*

O SOL, A LÚA E OS PLANETAS

O sistema solar está formado polo Sol e nove planetas que xiran arredor del. O **Sol** está formado por gases a temperaturas moi elevadas. Por iso ten luz propia: é unha estrela. É a estrela máis próxima a nós.



Cada día, vemos que o Sol sae polo Leste, érguese sobre o horizonte desprazándose cara ao Sur, chega ao punto máis alto ao mediodía e, despois, empeza a descender, ata que se pon polo Oeste. O tempo entre dúas saídas ou dúas postas consecutivas do Sol chámase **día**. Ademais do movemento diario, o Sol realiza outro movemento, moito máis lento, desprazándose sobre o fondo das estrelas. O Sol está situado en constelacións diferentes segundo a época do ano, de xeito que parece percorrer unha volta completa sobre a esfera das estrelas ao longo do ano.

As constelacións polas que vai pasando o Sol no seu percorrido constitúen a **banda do zodíaco**. Os nomes destas constelacións son moi coñecidos: Aries, Tauro Xémini, Cáncer, Virgo, Libra, Escorpión, Saxitario, Capricornio, Acuario e Pisces.

A **Lúa** non é un planeta. A Lúa xira arredor da Terra, é un satélite dela. A luz da Lúa non é propia. Igual que os

planetas, reflicte a luz do Sol. Excepto Mercurio e Venus, o resto dos planetas tamén teñen lúas ou satélites.

A Lúa cambia de aspecto periodicamente. Este fenómeno coñécese co nome de **fases lunares**. As fases vanse repetindo cada 29 días. Cando vemos a Lúa redonda, é a fase de lúa chea; cando ten forma de C, é cuarto minguante; cando non se ve, é lúa nova; e cando ten forma de D, é cuarto crecente.

Os **planetas** xiran arredor do Sol en órbitas que teñen forma de elipse. A súa orde, segundo a distancia ao sol, é: Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano, Neptuno e Plutón. Os planetas non teñen luz propia e só reflicten a luz do Sol.

FALAMOS

En que se diferencia o sol doutras estrelas?

Podería o ser humano vivir sen a luz do sol?

Como inflúe a lúa nas colleitas, nas mareas, etc.?

ESCRIBIMOS

1. Escriba estas palabras por orde alfabética:

Luns – Lúa – Martes – Marte – Mércores – Mercurio – Xoves – Xúpiter – Venres – Venus – Sábado – Domingo.

ORIENTARSE OBSERVANDO A NATUREZA

Orientarse é sabermos en todo momento onde estamos. Para se orientaren, as persoas sinalaron catro puntos cardinais, que chamamos Norte, Sur, Leste e Oeste. Nos mapas e nos planos das cidades sempre temos sinalados os puntos cardinais.

Orientarse é atopar o Norte e, xa que logo, os demais puntos cardinais.

Durante as noites claras, o Norte márcalo a estrela Polar. Cando os días son claros, podemos localizar os catro puntos cardinais observando o Sol. O Sol, cando amañece, sae polo Leste. Ao anoitecer,ponse polo Oeste.

O cosmos ofrécenos a posibilidade de orientarnos, pero se o ceo está cuberto ou hai néboa, as estrelas vannos servir de pouco, polo que teremos que valorar outros elementos que tamén nos brinda a natureza. Por exemplo: as árbores illadas teñen máis desenvolvido o seu tronco en dirección Sur. As rochas illadas adoitan estar cubertas de carriza pola parte que mira ao Norte. Igualmente, a neve desaparece antes na ladeira Sur da montaña que na Norte.

OPINAMOS

En que indicios da natureza podemos basearnos para orientarnos?

Algunha vez necesitou vostede utilizar eses elementos da natureza para se orientar?

O ADXECTIVO CUALIFICATIVO



OBSERVE

- Describa o home da foto.
- Como é: alto, baixo, louro, moreno...? E a muller?
- Como cre que están: tristes, contentos, aburridos...?
- Describa a situación. É tensa, relaxada...?

Os **adxectivos cualificativos** son as palabras que nos din como **son** ou como **están** as persoas, os animais ou as cousas. O adxectivo pode ir diante ou detrás do substantivo ou nome a que se refire.

1. Escriba un adxectivo que exprese unha calidade de cada substantivo:

- Veludo → _____
- Carbón → _____
- Neve → _____
- Auga → _____

2. Escriba o nome dunha persoa que coñeza e escriba despois adxectivos que sirvan para a describir.

Exemplo: alto, amable, cariñoso.

3. Emparelle cada substantivo cun adxectivo.

Substantivos	Adxectivos	
Montaña	Luminosa	_____
Pobos	Afiado	_____
Nenas	Brancos	_____
Lapis	Pesada	_____
Habitación	Alta	_____
Armario	Louras	_____
Maleta	Macizo	_____

4. Escriba unha oración con cada unha das parellas que formou.

Exemplo: O home levaba unha **maleta pesada**.

5. Subliñe os adxectivos.

- *Fixemos unha longa viaxe.*
- *O camiño cara á choza era longo e escarpado.*
- *O tren é lento, pero seguro.*
- *É unha laranxa moi apetitosa.*

6. Explique onde está colocado cada adxectivo: diante ou detrás do substantivo.

ORTOGRAFÍA: As sílabas *ca, co, que, qui, cu*

En palabras como **casa**, **queixo**, **quinto**, **cousa** e **cubo** pronunciamos o mesmo son.

Ese son represéntase na escrita así:

- Con **c** ante **a, o, u**: ca, co, cu.
- Con **q** ante **e, i**: que, qui.

1. Subliñe as palabras que teñen ese son e clasifíqueas:

moneca	corpo	maceta	cogomelo	aquí
cebola	orquestra	parque	carne	recordo
cuña	procurar			

2. Escriba algunhas palabras que conteñan ese son.

Palabras con **c**

Palabras con **q**

LEMOS IMAXES: OS SIGNOS DO ZODÍACO

Nos xornais, nas revistas, na radio e na televisión lemos ou oímos falar con frecuencia dos signos do zodíaco e do horóscopo. De acordo con estas ideas, a nosa personalidade e a nosa vida estarían gobernadas polos astros que corresponden á nosa data de nacemento. Podemos ler que a nosa vida amorosa, a nosa economía, etc., dependen das estrelas e dos planetas. Esas informacións veñen acompañadas dunhas imaxes coas que tradicionalmente se relacionan os signos do zodíaco.



Nesta imaxe antiga temos no centro a Cristo, como señor do mundo, e arredor as constelacións do zodíaco. Como se pode observar nesta representación, que ten cerca de mil anos, os signos do zodíaco represéntanse dun xeito moi semellante a como se fai hoxe en día.

Os signos do zodíaco

O *zodíaco* é o camiño que parece que segue o Sol ao longo do ano desprazándose polo ceo, tal e como nós o vemos desde o noso planeta. Os


antigos astrónomos dividiron ese camiño en doce seccións. Cada unha desas seccións coincide cunha agrupación de estrelas ou constelación. E a cada unha desas constelacións procuráronse formas parecidas a animais ou a cousas do noso planeta. Así, á constelación situada na franxa do ceo por onde sae o Sol ao comezo da primavera atopáronlle parecido cun carneiro e chamáronlle *Aries*, que é unha palabra que en latín significa carneiro. A constelación de Aries representábase así:




As constelacións do zodíaco son doce e reciben nomes latinos:

Aries (carneiro), *Tauro* (touro), *Xémini* (xemelgos), *Cáncer* (cangrexo), *Leo* (león), *Virgo* (virxe), *Libra* (balanza), *Escorpión* (escorpión), *Saxitario* (arqueiro), *Capricornio* (cabra con cornos), *Acuario* (home con auga) e *Pisces* (peixe).

As constelacións recibiron estes nomes porque os astrónomos achaban parecido entre o que vían no ceo e as formas destes animais e destas cousas. A súa representación habitual témola neste gravado, tamén antigo:



Neste debuxo aparecen as doce constelacións do zodíaco tal e como se ven desde a Terra e as figuras que se lles asignaron desde a antigüidade.



O horóscopo

Todo o que dixemos ata agora é froito da observación dos astrónomos. Pero o horóscopo é a crenza de que se pode predicir o futuro das persoas pola posición que tiña o Sol o día do seu nacemento. Non é froito da observación e para moitas persoas é unha superstición que non ten base ningunha na realidade. Non se trata de astronomía, senón de astroloxía.

1. Que significa a palabra *aries* en latín? E a palabra *acuario*?
2. Como se representa desde a antigüidade a constelación que coincide coa saída do sol ao comezo da primavera?
3. Que figura corresponde coa constelación de *Saxitario*?
4. Que figura corresponde co signo de *Xémini*?
5. Que significa en latín a palabra *cáncer*?

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

Nas últimas semanas vostede aprendeu a realizar cálculos empregando sumas e restas.

Na vida diaria, facendo compras, por exemplo, danse casos en que temos que sumar varias veces a mesma cantidade. Nestes casos é moi práctico saber multiplicar.

A multiplicación é un xeito curto de expresar unha suma de sumandos iguais.

$$7 + 7 + 7 \text{ é igual que } 7 \times 3$$

O signo da multiplicación é a aspa (\times) ou o punto (\cdot) e lese “**por**”.

$$7 \times 3 \text{ lese “} \mathbf{sete \text{ por tres}} \mathbf{”}.$$

Cada un dos elementos ten un nome: os números que se multiplican son os factores, e o resultado é o produto.

$$\begin{array}{ccccccc} 7 & & \times & & 3 & = & 21 \\ & \searrow & & & \swarrow & & \downarrow \\ \text{MULTIPLICADOR} & & & & \text{MULTIPLICANDO} & & \\ \underbrace{\hspace{10em}} & & & & & & \\ \text{FACTORES} & & & & & & \text{PRODUTO} \end{array}$$

Vexamos un exemplo.

Na casa de Henrique consómense dúas barras de pan cada día.
Cantas barras de pan necesitará para tres días?

$$2 + 2 + 2 = 6 \longrightarrow \text{Tres veces dous}$$

$$2 \times 3 = 6 \longrightarrow \text{Dous por tres}$$

1. Un traballador limpa cristais dúas horas diarias. Cantas horas traballará en catro días?

$$2 + 2 + 2 + 2 = \underline{\quad}$$

$$2 \times \underline{\quad} = \underline{\quad} \longrightarrow \text{Dous por catro}$$

Observe como se constrúe a táboa do 2:

$$0 \text{ veces } 2 = 2 \times 0 = 0$$

$$1 \text{ vez } 2 = 2 \times 1 = 2$$

$$2 \text{ veces } 2 = 2 + 2 = 2 \times 2 = 4$$

$$3 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 = 2 \times 3 = 6$$

$$4 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 + 2 = 2 \times 4 = 8$$

$$5 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 + 2 + 2 = 2 \times 5 = 10$$

$$6 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 = 2 \times 6 = 12$$

$$7 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 = 2 \times 7 = 14$$

$$8 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 = 2 \times 8 = 16$$

$$9 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 = 2 \times 9 = 18$$

$$10 \text{ veces } 2 = 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 + 2 = 2 \times 10 = 20$$

2. Helena toma cada día dous iogures. Cantos terá que comprar para cinco días?



$$\underline{\quad} + \underline{\quad} + \underline{\quad} + \underline{\quad} + \underline{\quad} = \underline{\quad}$$



$$\underline{\quad} \times \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

3. Complete.

$2 \times 2 = \underline{\quad}$

$2 \times 4 = \underline{\quad}$

$2 \times 6 = \underline{\quad}$

$2 \times 5 = \underline{\quad}$

$2 \times 3 = \underline{\quad}$

$2 \times 7 = \underline{\quad}$

$2 \times 9 = \underline{\quad}$

$2 \times 8 = \underline{\quad}$

4. Os cans de Antón e Xulia comen cada día nove galletas especiais para mascotas. Cantas galletas necesitarán para dous días?

$$\underline{\quad} + \underline{\quad} = \underline{\quad} \text{ veces } \underline{\quad}$$



$$\underline{\quad} \times \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

5. Encha os ocos para construír a táboa do 3.

$$0 \text{ veces } 3 = 3 \times 0 = 0$$

$$1 \text{ vez } 3 = 3 \times 1 = 3$$

$$2 \text{ veces } 3 = \underline{\hspace{2cm}} = 3 \times 2 = 6$$

$$3 \text{ veces } 3 = 3 + 3 + 3 = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$4 \text{ veces } 3 = 3 + 3 + 3 + 3 = 3 \times \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$5 \text{ veces } 3 = 3 + 3 + 3 + 3 + 3 = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$6 \text{ veces } 3 = \underline{\hspace{4cm}} = 3 \times 6 = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$\underline{\hspace{4cm}} = 3 + 3 + 3 + 3 + 3 + 3 + 3 = 3 \times \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$8 \text{ veces } \underline{\hspace{1cm}} = 3 + 3 + 3 + 3 + 3 + 3 + 3 + 3 = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times 3 = \underline{\hspace{4cm}} = 3 \times 9 = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$\underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{4cm}} = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

OBSERVE: $2 \times 3 = 3 \times 2$

A orde dos factores non cambia o resultado da multiplicación.

6. Para construír unha porta utilízanse tres bisagras. Cantas bisagras se necesitan para construír seis portas?

$$\underline{\hspace{1cm}} + \underline{\hspace{1cm}} + \underline{\hspace{1cm}} + \underline{\hspace{1cm}} + \underline{\hspace{1cm}} + \underline{\hspace{1cm}} = \underline{\hspace{1cm}} \text{ veces } \underline{\hspace{1cm}}$$

$$\underline{\hspace{2cm}} \times \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

FÍXESE

O **dobre** dun número é o resultado de multiplicar ese número por dous.

O **triplo** dun número é o resultado de multiplicar ese número por tres.

7. Calcule o dobre de 4, 7 e 9.

8. Calcule o triplo de 3, 5 e 8.

9. Encha os ocos para construír a táboa do 4:

$$0 \text{ veces } 4 = 4 \times 0 = 0$$

$$1 \text{ vez } 4 = 4 \times 1 = 4$$

$$\underline{\hspace{2cm}} 4 = 4 + 4 = 4 \times \underline{\hspace{1cm}} = 8$$

$$3 \text{ veces } 4 = \underline{\hspace{2cm}} = 4 \times 3 = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$\underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}} = 4 \times 4 = 16$$

$$5 \underline{\hspace{2cm}} = 4 + 4 + 4 + 4 + 4 = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$\underline{\hspace{2cm}} 4 = 4 + 4 + 4 + 4 + 4 + 4 = \underline{\hspace{2cm}} 6 = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$7 \text{ veces } 4 = 4 + 4 + 4 + 4 + 4 + 4 + 4 = 4 \underline{\hspace{1cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$8 \text{ veces } 4 = \underline{\hspace{2cm}} = 4 \times 8 = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$9 \text{ veces } 4 = 4 + 4 + 4 + 4 + 4 + 4 + 4 + 4 + 4 = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

$$\underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}} = \underline{\hspace{2cm}}$$

10. Cada ano ten catro estacións: primavera, verán, outono e inverno. Cantas estacións terán catro anos?

11. Agora constrúa sen axuda a táboa do cinco.

OBSERVE

- Cando multiplicamos un número por **zero** o resultado sempre é **zero**.

$2 \times 0 = 0$

$3 \times 0 = 0$

$4 \times 0 = 0$

$5 \times 0 = 0$

- Cando multiplicamos un número por **1** o resultado é o **mesmo número**.

$2 \times 1 = 2$

$3 \times 1 = 3$

$4 \times 1 = 4$

$5 \times 1 = 5$

12. Complete a táboa.

\times	2	3	4	5
		3		5
3				
	10		20	
6				
		21		35
9				
10				

13. Copie e complete.

$3 \times \underline{\quad} = 15$

$5 \times \underline{\quad} = 20$

$\underline{\quad} \times 7 = 28$

$\underline{\quad} \times 6 = 12$

$2 \times \underline{\quad} = 6$

$4 \times \underline{\quad} = 8$

$\underline{\quad} \times 8 = 40$

$\underline{\quad} \times 9 = 27$

14. Copie e complete como no exemplo.

$2 \times 5 = 5 \times 2 = 10$

$3 \times 6 = \underline{\quad} = \underline{\quad}$

$4 \times 8 = \underline{\quad} = \underline{\quad}$

$5 \times 7 = \underline{\quad} = \underline{\quad}$

15. A lúa ten catro fases e cambia de fase cada sete días. Cada cantos días se repite o ciclo?

16. Unha casa ten oito fiestras e cada fiestra cinco cristais. Cantos cristais ten a casa?

17. Un billete de autobús custa tres euros. Canto debemos pagar por seis persoas?

18. Un neno ten catro anos, o seu irmán ten o dobre de anos e o seu curmán o triplo. Que idade ten o seu irmán? E o seu curmán?


LEMBRE

A unidade de lonxitude do sistema internacional de medida é o metro.

Hai unidades maiores e menores que o metro. Xuntas forman o **Sistema Métrico Decimal**.

Son unidades maiores que o metro o *decámetro (dam)*, o *hectómetro (Hm)* e o *quilómetro (Km)*.

Son unidades menores que o metro o *decímetro (dm)*, o *centímetro (cm)* e o *milímetro (mm)*.



Cada chanzo son dez unidades. É dicir, un quilómetro son 10 hectómetros; 1 hectómetro son 10 decámetros, etc.


19. Complete as frases seguintes:

Un decámetro son _____ metros.

Un _____ son 10 decímetros.

Un decímetro son 10 _____.

Un _____ son 10 milímetros.



Imos ver agora a relación que existe entre o metro e as unidades do Sistema Métrico Decimal (SMD).

$$1 \text{ Km} = 1.000 \text{ m}$$

$$1 \text{ m} = 10 \text{ dm}$$

$$1 \text{ Hm} = 100 \text{ m}$$

$$1 \text{ m} = 100 \text{ cm}$$

$$1 \text{ dam} = 10 \text{ m}$$

$$1 \text{ m} = 1000 \text{ mm}$$

20. Cantos centímetros hai nun metro?

21. Cantos metros hai nun quilómetro?


SEMANA 2: O DÍA E A NOITE

O DÍA E A NOITE. AS HORAS E OS DÍAS

A terra realiza dous tipos de movementos: un de rotación e outro de translación. No movemento de rotación, a terra xira sobre si mesma e tarda un **día** en dar unha volta completa. Grazas a ese movemento da Terra sobre si mesma, prodúcense os días e as noites.

A palabra **día** usámola, xa que logo, con dous significados: as vinte e catro horas que tarda a Terra en dar unha volta completa sobre si mesma, e o tempo en que unha parte da superficie da Terra está iluminada polo sol. Así, dicimos que “xaneiro ten trinta e un días”, pero tamén que “en verán ás oito aínda é de día”.

Debido ao movemento de rotación, cada punto da Terra vai pasando de estar fronte ao Sol a estar de costas a el. É dicir, durante o día, a parte da Terra onde vivimos está fronte ao Sol, e durante a noite, a parte da Terra onde vivimos está de costas



ao Sol. Por iso, ao longo das vinte e catro horas que dura este movemento de rotación hai unhas horas de luz, o **día**, e outras de escuridade, a **noite**.

O **día** é a división natural do tempo. O día natural solar divídese en vinte e catro horas de sesenta minutos cada unha. Doce horas desde media noite ao mediodía seguinte, e outras doce horas desde o mediodía á media noite. Non obstante, o número de horas de luz varía do inverno ao verán: son máis en verán que en inverno.

O eixe de xiro da Terra está inclinado, e isto inflúe na duración dos días e das noites. O día 22 de xuño é cando a parte da Terra onde nós vivimos, o hemisferio norte, está máis inclinado cara ao Sol e comeza para nós o verán. O día (tempo con luz) é máis longo.

FALAMOS

Canto tarda a Terra en xirar sobre si mesma e dar unha volta completa?

Por que nunha parte do planeta é día e na outra é noite?

Hai o mesmo número de horas de luz no verán que no inverno?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Ordene alfabeticamente as palabras de cada grupo e escribíbaas no seu caderno.

inseguro in**m**enso interior inf**i**nito

esp**a**zo es**f**era es**t**raño es**p**ecial

ver**á**n var**i**able v**i**n**t**e viv**i**r

día división duración desigual

AS DIFERENZAS HORARIAS

Como medir o tempo?


O tempo é algo misterioso: non se pode ver, non se pode oír, pero sabemos que existe, porque se pode sentir como pasa.

Antigamente, o único que podía facer a xente era mirar o Sol e a Lúa para tratar de medir o tempo.

Transcorreron os séculos e os exipcios idearon os primeiros reloxos, moi simples: os reloxos solares. Consonte foi pasando o tempo, fóronse descubriendo métodos para o medir. Hoxe en día, os reloxos de cuarzo pódennos indicar a hora exacta en calquera momento e en calquera sitio do mundo.

Estamos habituados a oír pola radio: "son as nove horas, as oito nas Illas Canarias". É dicir, nun momento determinado, non é a mesma hora en todos os lugares do noso planeta. Entre a España peninsular e as Illas Canarias hai unha hora de diferenza. Agora, por exemplo, cando estea vostede lendo este texto, en Moscova, que está situada ao Leste de España, será varias horas máis tarde. En cambio, na Arxentina, situada ao Oeste, será cinco horas máis cedo.

Se nos trasladamos dun lugar a outro, cara ao Leste ou cara ao Oeste, o noso reloxo ten que ir adaptándose á hora



correspondente, pois a Terra está dividida en vinte e catro partes, chamadas fusos horarios. Cada unha desas zonas vive a súa propia hora de Norte a Sur.

Todos os países aceptan o meridiano de Greenwich como punto de partida para trazaren os fusos horarios. É unha liña (“meridiano”) que atravesa a Terra de Norte a Sur, pasando polos polos, e que pasa por unha localidade próxima a Londres. A partir dese meridiano, trázanse na Terra vinte e catro franxas de Norte a Sur, que son os fusos horarios. Entre unha franxa e a seguinte, hai unha hora de diferenza.

Pero pode ser unha hora de máis ou unha hora de menos: cara ao leste, como o Sol saíu antes, será máis tarde; cara ao oeste será ao revés. Hai once horas de diferenza, por exemplo, entre Nova Zelandia e Europa, de maneira que cando aquí son as nove da mañá, ao outro lado do mundo, son as oito da tarde.

FALAMOS

Como se medía antigamente o tempo?

Debemos adaptar os nosos reloxos cando viaxamos a outros países?

Existe algunha diferenza horaria entre Santiago e Moscova?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Resolva estas dúas adiviñas, que teñen a mesma solución:

Doce damas para o meu regalo,
todas van en roda,
todas levan media
e ningunha zocas.

Doce señoritas no balcón,
todas gastan medias
e zapatos non.

Solución: _____

2. Das seguintes palabras e expresións, subliñe as que indican tempo:

Cedo – amarelo – pedra – tarde – antes – tren – despois – á vez – lapis – peor – con atraso – novo – puntualidade – bañeira – agora – peixe – ao instante – logo – mañá

3. Escriba como lles chamamos ás persoas que viven nestes países, é dicir, a súa nacionalidade.

<i>Alemaña</i>	_____	<i>Brasil</i>	_____
<i>Australia</i>	_____	<i>Bélxica</i>	_____
<i>Escocia</i>	_____	<i>Italia</i>	_____
<i>Francia</i>	_____	<i>Rusia</i>	_____
<i>Austria</i>	_____	<i>Suecia</i>	_____


4. Ordene alfabeticamente e escriba os contrarios.

<i>diante</i>	<i>local</i>	<i>claridade</i>
<i>mediodía</i>	<i>amencer</i>	<i>eterno</i>
<i>media noite</i>	<i>temporal</i>	<i>universal</i>
<i>escuridade</i>	<i>detrás</i>	<i>anoitecer</i>

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

AS ESTACIÓNS DO ANO

O segundo movemento que realiza a Terra chámase de translación, e diferénciase do movemento de rotación en que a Terra dá voltas arredor do Sol. A terra tarda un **ano** en dar unha volta completa. Este movemento dá lugar ás catro estacións do ano: primavera, verán, outono e inverno.



O eixe de xiro da Terra está inclinado. Por iso, durante unha parte do ano o Sol está por riba do Ecuador, e o resto do ano está por baixo. Cando o Sol está por riba do Ecuador, os seus raios caen con pouca inclinación no hemisferio norte e con maior inclinación no hemisferio sur. Por este motivo o hemisferio norte quece máis que o hemisferio sur: no hemisferio norte é verán, e no hemisferio sur, inverno.

Cando o Sol está por baixo do Ecuador, sucede o contrario: no hemisferio sur é verán, e no hemisferio norte, inverno.

O verán iníciase o 21 de xuño; o inverno, o 21 de decembro. A primavera comeza o vinte de marzo, e o outono, ao redor do vinte e tres de setembro de cada ano.

No verán, o Sol pasa máis alto sobre o horizonte. Isto fai que, ao longo do día, percorra máis traxecto e, por tanto, transcorra máis tempo entre a saída e a posta do Sol. Así os días son máis longos que as noites. No inverno sucede todo o contrario, polo que os días son os máis curtos do ano.

Na primavera e no outono, os días teñen a mesma duración que a noite.

FALAMOS

Canto tarda a Terra en dar unha volta completa arredor do Sol?

Cando comeza a primavera? E o outono?

Por que son máis longos os días en verán?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Complete, segundo a lectura, estas frases.

- Durante unha parte do ano o Sol está por riba do _____.
- Por esta razón, o _____ norte quece máis que o _____ sur.
- O verán iníciase o _____ de xuño.

- No verán o Sol pasa máis alto sobre o _____.
- Entre a saída e a posta de Sol _____ máis tempo.

2. Escriba unha frase con cada unha destas palabras.

Mediodía: _____

Horizonte: _____

Inverno : _____

Inclinación : _____

Traxecto : _____

3. Adiviñe esta adiviñanza:

*Quen é un vello lixeiro
que é de catro movementos
postos en doce cimentos,
que a calquera pasaxeiro
dá máis pena que contentos?*

Solución: _____

4. Procure na lectura catro nomes en singular. Escriba unha oración con cada un deles.

- _____
- _____
- _____
- _____

5. Coas palabras destes recadros, forme e escriba todas as palabras novas que poida xuntándoas de dúas en dúas.

media

manchas

sol

xira

noite

para

caídas

garda

traga

luz

quita

barros

O ADXECTIVO: XÉNERO E NÚMERO

OBSERVE



Conteste con adxectivos. Como é o teléfono? É moderno? É antigo? Como está?

O xénero dos adxectivos

Os adxectivos teñen o mesmo xénero (masculino ou feminino) que o substantivo ao que se refiren.

Exemplo: *Comprou un colar precioso na tenda nova.*

O adxectivo *precioso* refírese ao substantivo masculino *colar*.

Precioso é un **adxectivo masculino**.

O adxectivo *nova* refírese ao substantivo feminino *tenda*.

Nova é un **adxectivo feminino**.

O feminino dos adxectivos fórmase como o dos substantivos.

Exemplo: *novo / nova*.

Algúns adxectivos teñen a mesma forma para o masculino e para o feminino.

Exemplo: *suave*.

O número dos adxectivos

Os adxectivos teñen o mesmo número (singular ou plural) que o substantivo a que se refiren.

Exemplo: *O coche, ademais de ser vello, está sucio.*

Os adxectivos *vello* e *sucio* refírense ao substantivo *coche*.

Vello e *sucio* están en **singular**.

Exemplo: *Os homes levaban zapatos vellos e sucios.*

Os adxectivos *vellos* e *sucios* refírense ao substantivo *zapatos*.

Vellos e *sucios* están en plural.

O plural dos adxectivos fórmase como o dos substantivos.

Exemplos: *sucio* → *sucios*; *áxil* → *áxiles*

1. Complete cada oración cun adxectivo.

O tesouro era _____. As covas son _____.

Os tractores son _____. A expedición será _____.

2. Escriba en cada caso o adxectivo que corresponda.

<i>Adxectivos en masculino</i>	<i>Adxectivos en feminino</i>	<i>Adxectivos en plural</i>	<i>Adxectivos en plural</i>
bonito	_____	_____	bonitas
_____	pequena	pequenos	_____
estreito	_____	_____	estreitas
_____	alta	_____	altas
vello	_____	vellos	_____
_____	nova	_____	novas

ORTOGRAFÍA: As sílabas *za, ce, ci, zo, zu*.

O son /z/ escíbese así:

- Con **z** ante **a, o, u**: *za, zo, zu*.
- Con **c** ante **e, i**: *ce, ci*.

1. Clasifique as palabras das seguintes oracións que teñen o son /z/.

Pedín unha cunca de café con dous terróns de azucre.

O mozo botou a pechadura da carnizaría. Merquei as cereixas na tenda nova da cidade.

za

zo

zu

ce

ci

2. Escriba.

Serafín ten 55 anos.

3. Complete con palabras que teñen esas sílabas:

_____ *non se gañou nunha hora (unha cidade castelá).*

No parque _____ *hai moitos animais.*

O príncipe díxolle á _____ *que probara o zapato.*

4. Escriba palabras que conteñan o son /z/.

Palabras con **z**

Palabras con **c**

LEMOS IMAXES: HORAS E HORARIOS

Para medir o tempo, as persoas inventaron ao longo da historia moitas clases de reloxos: de sol, de area, de maquinaria, electrónicos, etc.



Na actualidade, os reloxos indican a hora de dous xeitos: da 1 ás 12, da mañá ou da noite; ou das 0 horas ás 24 horas.

Cando marcan a hora ata as doce, os reloxos teñen eses doce números. Por iso dicimos, “son as dúas da mañá” ou “son as dúas da tarde”.

Pero tamén hai reloxos que a partir das 12 seguen marcando as horas así: as 13:00 horas, as 14:00 horas, etc., ata chegar ás 24,00 horas (as doce da noite).



Como estamos afeitos ao outro sistema, sempre facemos un cálculo. Se nos din “son as 17:00 horas”, acabamos pensando “Ah! Son as cinco da tarde!”.

En realidade, o cálculo é sempre o mesmo: á hora que nos din, se é un número maior de 12, restámoslle 12.

Daquela:

A HORA QUE NOS DIN	CÁLCULO QUE FACEMOS	A HORA POLO SISTEMA HABITUAL
As 13:00 horas	13-12	A 1 da tarde
As 14:00 horas	14-12	As 2 da tarde
As 15:00 horas	15-12	As 3 da tarde
As 16:00 horas	16-12	As 4 da tarde
As 17:00 horas	17-12	As 5 da tarde
As 18:00 horas	18-12	As 6 da tarde
As 19:00 horas	19-12	As 7 da tarde
As 20:00 horas	20-12	As 8 da tarde
As 21:00 horas	21-12	As 9 da noite
As 22:00 horas	22-12	As 10 da noite
As 23:00 horas	23-12	As 11 da noite

Que hora marcan estes reloxo?



Esta é unha táboa de horarios de trens da Coruña a Vigo, collida de internet, e que se utiliza para comprar os billetes desde a casa:

Nº de tren	Saída	Chegada	Frecuencia	Turista			
02527	REXIONAL	12:30	15:32	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	8,50	2
02009	R-598	13:50	16:04	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	11,45	2
02011	R-598	14:50	17:08	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	11,45	2
02531	REXIONAL	15:20	18:14	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	8,50	2
02013	R-598	16:50	19:08	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	11,45	2
02015	R-598	17:50	20:07	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	11,45	2
02539	REXIONAL	18:30	21:31	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	8,50	2
02017	R-598	19:50	22:06	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	11,45	2
02541	REXIONAL	20:23	23:29	DIARIO do 29-05-2005 ao 10-12-2005	Turista	8,50	2

Diga a que horas saen os trens da Coruña a Vigo, pero do xeito en que falamos habitualmente: *13:50* → *as dúas menos dez*.

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

1. Un día ten 24 horas: cantas horas teñen dous días?

Este problema poderíase facer de dous xeitos:

Primeiro xeito: podemos sumar dúas veces 24.

$$\begin{array}{r} 24 \\ + 24 \\ \hline 48 \end{array}$$

Segundo xeito: podemos multiplicar 24 por 2.

$$\begin{array}{r} 24 \\ \times 2 \\ \hline 48 \end{array}$$

Imos ver que pasos cómpre seguir para multiplicar por dúas cifras:

A. Descomponse o número en unidades e decenas.

B. Multiplícanse as unidades $4 \times 2 = 8$.

D	U
2	4
×	2
	8

C. Multiplícanse as decenas $2 \times 2 = 4$.

D	U
2	4
×	2
4	8

2. Realice as seguintes multiplicacións:

$$\begin{array}{r} 83 \\ \times 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 52 \\ \times 4 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 61 \\ \times 3 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 40 \\ \times 2 \\ \hline \end{array}$$

3. Un trienio é un período que dura tres anos. En moitos traballos utilízase para contabilizar a antigüidade dun empregado. Xoán leva 12 trienios traballando nunha empresa. Cantos anos leva na empresa?

4. Carne vai facer catro tortillas de patacas para unha festa. Para cada tortilla vai empregar unha ducia de ovos. Cantos ovos necesita Carne para facer esas tortillas?

Por veces, cando facemos unha multiplicación dun número de dúas cifras, ocorre que ao multiplicar polas unidades superamos a decena. Neses casos dise que multiplicamos *levando*. A forma de multiplicar levando é a seguinte:

A. Multiplicamos as unidades:

$$\begin{array}{r} 76 \\ \times 4 \\ \hline \color{red}{2}4 \end{array}$$

4×6 unidades = 24 unidades \rightarrow 2 decenas e 4 unidades.

Escribimos as 4 unidades e *levámonos* **2 decenas**.

B. Multiplicamos as decenas:

$$\begin{array}{r} 76 \\ \times 4 \\ \hline \color{red}{30}4 \end{array}$$

4×7 decenas = 28 decenas.

Agora hai que sumarlle as dúas decenas que levabamos das unidades: $28 + 2 = \color{red}{30}$ decenas.

5. Realice as seguintes multiplicacións.

$$\begin{array}{r} 27 \\ \times 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 36 \\ \times 4 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 19 \\ \times 3 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 518 \\ \times 2 \\ \hline \end{array}$$

9. Un empregado do mercado de froitas ten que cargar un camión con cinco caixóns de mazás. Cada caixón pesa 108 quilogramos. Que peso terán os cinco caixóns?

Imos dar un paso máis e imos aprender a realizar multiplicacións cando os dous factores que se multiplican teñen dúas cifras. Estes son os pasos que teremos que seguir:

- A. Multiplicamos o multiplicador polas unidades do multiplicando, seguindo as normas xa vistas e levando, se é necesario.

$$\begin{array}{r} 24 \\ \times 13 \\ \hline 72 \end{array}$$

- B. Multiplicamos o multiplicador polas decenas do multiplicando, seguindo as normas xa vistas e levando se é necesario, pero hai que deixar libre un lugar (\square), é dicir, as unidades desta segunda multiplicación colócanse debaixo das decenas da primeira multiplicación.

$$\begin{array}{r} 24 \\ \times 13 \\ \hline 72 \\ 24\square \end{array}$$

C. Por último, sumamos as cantidades obtidas ao realizar as dúas multiplicacións, segundo a colocación dada.

$$\begin{array}{r} 24 \\ \times 13 \\ \hline 72 \\ 24 \\ \hline 312 \end{array}$$

10. Realice as seguintes multiplicacións.

$$\begin{array}{r} 59 \\ \times 41 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 72 \\ \times 35 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 86 \\ \times 24 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 304 \\ \times 12 \\ \hline \end{array}$$

11. Nun encontro futbolístico reúnen 18 equipos de fútbol. Cada equipo trae 23 xogadores, contando os suplentes. Cantos xogadores cumprirá aloxar mentres se desenvolve o torneo?

12. Una con frechas as multiplicacións que teñan o mesmo resultado.

$$12 \times 25$$

$$30 \times 3$$

$$27 \times 10$$

$$15 \times 20$$

$$18 \times 5$$

$$10 \times 75$$

$$50 \times 15$$

$$9 \times 30$$

13. Resolva coa calculadora as seguintes multiplicacións.

$$12 \times 35 \times 4 \times 52 \times 24 =$$

$$5 \times 41 \times 23 \times 15 \times 31 =$$

$$13 \times 32 \times 3 \times 25 \times 14 =$$

14. Un día ten 24 horas. Cantas horas ten o mes de marzo? E cantas horas ten o mes de febreiro?

febreiro						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

maio						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

15. Un ano ten 365 días, e un lustro é un período de cinco anos. Cantos días ten un lustro?

16. Complete as seguintes operacións.

$2 \times 8 = \underline{\hspace{2cm}}$

$\underline{\hspace{2cm}} \times 4 = 32$

$6 \times \underline{\hspace{2cm}} = 18$

$5 \times 9 = \underline{\hspace{2cm}}$

$7 \times \underline{\hspace{2cm}} = 14$

$3 \times \underline{\hspace{2cm}} = 21$

$\underline{\hspace{2cm}} \times 9 = 27$

$4 \times 4 = \underline{\hspace{2cm}}$

17. Nas táboas seguintes hai operacións que dan o mesmo resultado. Observe o exemplo. Atope despois na segunda táboa as operacións con resultado idéntico. Se quere, utilice a calculadora.

20×24	33×27	20×16
30×16	12×40	15×32
12×39	35×22	51×14

Todas dan 480 como resultado.


25×27	36×35	14×90
70×18	42×30	11×15
17×36	23×52	41×10

Todas dan como resultado.

18. Calcule o dobre e o triplo dos seguintes números.

DOBRE	NÚMERO	TRIPLO
	4	
	17	
	39	

19. O centímetro é unha unidade que se adoita empregar para medir roupas, mobles, saltos de atletismo, etc. A regra vén dividida en centímetros. Coa axuda dunha regra, mida cada un dos lados do seguinte polígono.



- A = _____ cm
- B = _____ cm
- C = _____ cm
- D = _____ cm
- E = _____ cm
- F = _____ cm
- G = _____ cm

20. O metro adóitase empregar para medir vivendas, rúas, alturas, carreiras, etc. Debuxe o salón da súa casa e sinale

en metros canto cre que mide cada parede. Se dispón dun flexómetro, comprobe despois as medidas previstas.

SEMANA 3: O TEMPO ATMOSFÉRICO

O TEMPO ATMOSFÉRICO

Para coñecer o tempo atmosférico cómpre estudar, entre outras moitas cousas, a temperatura e a humidade do aire, a presión atmosférica, o vento, as nubes e as precipitacións que estas poidan producir. Todas as cadeas de televisión do mundo informan cada día do estado do tempo. Tamén as emisoras de radio e os xornais facilitan ampla información meteorolóxica. Toda esta información proporciánana persoas coñecidas popularmente como os *homes do tempo*; en realidade estas persoas son científicos, estudosos da **meteoroloxía**; son, xa que logo, meteorólogos.



A temperatura mídese en graos centígrados, tamén chamados Celsius, e para iso se utiliza o termómetro. A temperatura do aire varía constantemente ao longo do día por causa do movemento de rotación da Terra. A temperatura tamén varía ao longo do ano por causa do movemento de translación da Terra arredor do Sol. A temperatura de calquera lugar depende tamén da altitude, da latitude e do relevo xeográfico. Para comprobar as variacións de temperatura ao longo do día utilízase un termómetro rexistrador chamado termógrafo.

Un dos feitos que os meteorólogos seguen con moita atención é a presión atmosférica. Normalmente, se a presión sobe, é sinal de bo tempo, e se baixa indica mal

tempo. Para medir a presión atmosférica utilízanse os barómetros.

FALAMOS

Que estuda a meteoroloxía?

Con que aparello se mide a temperatura do aire?

A que se deben as variacións de temperatura?

Con que aparello miden os meteorólogos a presión atmosférica?

1. Verdadeiro ou falso?

- Os homes e as mulleres do tempo, en realidade son científicos, estudosos da meteoroloxía.
- Para saber canto frío ou canta calor vai bástanos coas nosas sensacións.
- O termómetro mide a humidade do aire.
- A temperatura do aire varía ao longo do día por causa dos movementos de rotación e translación da Terra.
- Se a presión atmosférica sobe é sinal de mal tempo.

2. Explique o significado que estas palabras teñen no texto. Se non o sabe, consulte un dicionario.

Un meteorólogo é _____

As precipitacións son _____

O relevo xeográfico é _____

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Este parágrafo da lectura está descolocado. Escribaido de xeito que teña sentido.

e / da / temperatura / do / relevo / tamén / lugar / calquera /
depende / latitude / de / xeográfico / altitude / a / da

2. Localice na lectura todas as palabras que conteñan o son representado polas sílabas *ca*, *que*, *qui*, *co*, *cu*.

Lembre!
Con **c** ante **a, o, u**
Con **q** ante **e, i**

3. Complete estes refráns sobre o tempo.

En abril, _____

Sementa o perexil en maio, e _____

No mes de San Xoán, _____

Marzo ventoso, abril chuvioso sacan a _____

En xaneiro, non _____


Ata o corenta de maio _____

Ao mal tempo, _____

A PREDICIÓN DO TEMPO

En moitas ocasións, o vento, as nubes, a choiva, a néboa ou a neve obrígnanos a cambiar actividades que tiñamos previstas. Para evitar sorpresas co tempo, a sociedade pídelles aos científicos dos servizos meteorolóxicos unha previsión precisa do estado do tempo, a curto e a longo prazo.

Para intentar diminuír o máximo os danos que poden ocasionar certos



fenómenos meteorolóxicos, os expertos estudan a atmosfera de xeito continuo e intenso, coa finalidade de prever os cambios bruscos e violentos. Agora ben, a rapidez con que se forman as

grandes tormentas fai moi difícil prever con exactitude a súa evolución. A predición do tempo é moito máis segura se tamén se dispón de información sobre o que ocorre nas capas da atmosfera. Neste sentido, envíanse á atmosfera numerosos enxeños para recoller datos. Os máis utilizados son os globos e os satélites.

Con toda a información recollida, os meteorólogos poden coñecer a distribución na atmosfera das masas de aire. Así, unha **borrasca** é unha masa de aire húmido e con baixa presión, que xira en sentido contrario ao das agullas do reloxo e que indica mal tempo. Pola contra, un **anticiclón** é unha masa de aire máis seco e con presión alta, que xira no mesmo sentido que as agullas do reloxo e que indica bo tempo.

FALAMOS

É sempre a predición do tempo totalmente fiable?

Que se envía á atmosfera para recoller datos meteorolóxicos?

Que é unha borrasca? E un anticiclón?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Escriba os fenómenos atmosféricos que coñeza.

2. Procure nun dicionario ou nunha enciclopedia en que consisten estoutros fenómenos meteorolóxicos non tan comúns:

Tifón: _____

Ciclón: _____

Furacán: _____

Tornado: _____

3. Faga unha breve descrición do tempo que vai hoxe:

OS FENÓMENOS ATMOSFÉRICOS



As precipitacións provocan cada ano moitos mortos e importantes danos en numerosos países. Así, as choivas intensas causan inundacións, as nevadas colapsan as estradas e a sarabia destrúe os cultivos. Tamén o vento, a calor e o frío provocan con frecuencia desfeitas e accidentes.

O conxunto de precipitacións caídas nunha localidade chámase pluviosidade. As precipitacións poden ser líquidas, como a choiva, ou sólidas, como a neve e a sarabia. A pluviosidade mídese en litros de auga caídos por metro cadrado e día. É dicir, cando os meteorólogos din que caeron 25 litros por metro cadrado queren dicir que, ao longo dese día, sobre cada metro cadrado de superficie caeron vinte e cinco litros de auga.

No aire concéntrase vapor de auga procedente da evaporación da auga dos mares, dos ríos, dos lagos e tamén da transpiración das plantas. A cantidade dese vapor de auga indica o grao de humidade do aire. Os

meteorólogos expresan a humidade relativa que teña o aire mediante un tanto por cento.

O vento, é dicir, o aire en movemento, mídese pola dirección e pola velocidade. Segundo a dirección, o vento recibe diferentes nomes. Estes nomes indícanse na chamada *rosa dos ventos*, seguindo os catro puntos cardinais: N, S, L e O.

FALAMOS

Que danos poden causar as precipitacións?

Que nomes recibe o vento segundo a súa dirección?

Como se mide a cantidade de choiva que cae nunha poboación?

LEMOS E ESCRIBIMOS

1. Subliñe as palabras que conteñan o son /z/.

<i>precipitacións</i>	<i>cultivos</i>	<i>colapsan</i>
<i>provocan</i>	<i>predición</i>	<i>cuantiosos</i>
<i>utilizan</i>	<i>inundacións</i>	
<i>gráfico</i>	<i>accidentes</i>	<i>oscilan</i>
<i>velocidade</i>	<i>dirección</i>	<i>escala</i>
<i>información</i>	<i>din</i>	

Lembre!
Con **z** ante **a, o, u**
Con **c** ante **e, i**

2. Agora escribaas por orde alfabética.

3. Complete as palabras utilizando as sílabas que aparecen no recadro inferior.

_____	DAS
_____	DAL
_____	MORIA
_____	TALXIA
_____	VILLA
_____	SION
_____	LEIRO
_____	TAPAREDES
_____	RIMA
_____	CIO
_____	GUME
_____	TEMA


SAL	NOS	PEN
ON	A	SA
ME	LE	TA
SE	DE	BRE

4. Lea e escriba as sílabas engadidas no exercicio anterior de arriba a abaixo e descubrirá un refrán popular.

5. Intente recitar este trabalinguas o máis rápido posible.

Pepe Quinto
contou de contos
un cento,
e un rapaz dixo
contento:
- Cantos contos contas,
Pepe Quinto?

LEMOS IMAXES: O MAPA DO TEMPO E OS SEUS SÍMBOLOS



Neste gráfico da predición do tempo para Galicia, tomado da versión en internet do xornal La Voz de Galicia, podemos ver os símbolos que se utilizan para os diferentes tipos de fenómenos meteorolóxicos.

Lenda



VENTO	Norte	Nordés	Leste	Sueste	Sur	Sudoeste	Deste	Noroeste
Frouxo:								
Moderado:								
Forte:								
Variable:								

ESTADO DO MAR:

Mar Rizado	Mar Ovellado	Marusía	Forte Marusía
Media Vaga	Vaga	Vagallón	Vagallón Cãmpal

TRABALLAMOS COS NÚMEROS

Nas últimas dúas semanas aprendemos as táboas de multiplicar do 2, do 3, do 4 e do 5. Deseguido presentámoslle as táboas do 6, do 7, do 8 e do 9. Deberá estudalas para facer os exercicios e os problemas que lle imos propor.

$6 \times 0 = 0$

$6 \times 1 = 6$

$6 \times 2 = 12$

$6 \times 3 = 18$

$6 \times 4 = 24$

$6 \times 5 = 30$

$6 \times 6 = 36$

$6 \times 7 = 42$

$6 \times 8 = 48$

$6 \times 9 = 54$

$6 \times 10 = 60$

$7 \times 0 = 0$

$7 \times 1 = 7$

$7 \times 2 = 14$

$7 \times 3 = 21$

$7 \times 4 = 28$

$7 \times 5 = 35$

$7 \times 6 = 42$

$7 \times 7 = 49$

$7 \times 8 = 56$

$7 \times 9 = 63$

$7 \times 10 = 70$

$8 \times 0 = 0$

$8 \times 1 = 8$

$8 \times 2 = 16$

$8 \times 3 = 24$

$8 \times 4 = 32$

$8 \times 5 = 40$

$8 \times 6 = 48$

$8 \times 7 = 56$

$8 \times 8 = 64$

$8 \times 9 = 72$

$8 \times 10 = 80$

$9 \times 0 = 0$

$9 \times 1 = 9$

$9 \times 2 = 18$

$9 \times 3 = 27$

$9 \times 4 = 36$

$9 \times 5 = 45$

$9 \times 6 = 54$

$9 \times 7 = 63$

$9 \times 8 = 72$

$9 \times 9 = 81$

$9 \times 10 = 90$

1. Galicia goza do clima oceánico nas súas provincias costeiras. Isto fai que as temperaturas sexan suaves tanto no inverno como no verán e que as chuvias sexan frecuentes. En sete vilas de Pontevedra recolléronse 497 litros de auga en cada unha. Que cantidade de auga se recolleu en total?

2. Paula quere mandarlles postais de Nadal aos seus amigos e familiares. Cada selo cústalle 28 céntimos. Canto lle vai custar mandar 36 postais?

3. Xurxo tiña un problema de obesidade. O médico díxolle que tiña que adelgazar e púxoo a réxime. Cada semana adelgaza 490 gramos. Canto terá adelgazado despois de 6 semanas?

4. Complete.

$9 \times 2 = \underline{\quad}$

$6 \times \underline{\quad} = 42$

$4 \times \underline{\quad} = 24$

$7 \times 8 = \underline{\quad}$

$8 \times \underline{\quad} = 72$

$9 \times \underline{\quad} = 54$

$3 \times 7 = \underline{\quad}$

$8 \times 5 = \underline{\quad}$

$9 \times \underline{\quad} = 27$

$6 \times 8 = \underline{\quad}$

5. Realice as següentes multiplicacións:

$$\begin{array}{r} 53 \\ \times 6 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 19 \\ \times 7 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 28 \\ \times 8 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 64 \\ \times 9 \\ \hline \end{array}$$

6. Realice as següentes multiplicacións.

$$\begin{array}{r} 49 \\ \times 61 \\ \hline \end{array}$$


$$\begin{array}{r} 72 \\ \times 38 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 56 \\ \times 27 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 308 \\ \times 92 \\ \hline \end{array}$$

7. Eva ten seis moedas de 50 céntimos e gasta 70 céntimos no pan. Canto lle queda?

8. Complete.




9. Xosé Luís ten que cargar un camión. Vai subir ao camión catro caixas de 17 quilogramos, seis caixas de 31 quilogramos e oito caixas de nove quilogramos. Canto peso tivo que cargar Manuel en total?

FÍXESE

Para calcular o total dalgunha cousa que apareza ordenada en filas e columnas, basta con multiplicar as filas polas columnas.

Por exemplo,



3 filas



1 2 3 4 5

5 columnas


$$\text{TOTAL: } 3 \times 5 = 15$$

10. Cantas ventás completas hai na fachada do edificio que temos diante?




11. O Día das Forzas Armadas desfilan varios rexementos. Un deles está formado por sete ringleiras de nove soldados cada unha. Cantos soldados forman ese rexemento?

12. Cantas fotos hai en cada folla do álbum? Se o álbum ten 36 follas, cantas fotos hai en total?




13. Nunha aula hai colocadas seis ringleiras de mesas; cada ringleira está formada, á súa vez, por seis mesas. Cantos alumnos entran na aula?



14. Cantos cadrados amarelos hai? E cantos verdes? E en total?

15. Cantas bólas hai?



16. Nun quebracabezas pódense contar 29 pezas en sentido vertical e 37 en sentido horizontal. É correcto que na caixa poña *Quebracabezas de 1.000 pezas*?

OBSERVE:

A orde en que agrupemos os factores da multiplicación non altera o resultado final.

$$\begin{array}{ccc} \underbrace{(18 \times 2)} \times 5 & & 18 \times \underbrace{(2 \times 5)} \\ \underbrace{36} \times 5 & & 18 \times \underbrace{10} \\ \mathbf{180} & = & \mathbf{180} \end{array}$$

17. Calcule de dous xeitos distintos.

$$3 \times 5 \times 4 = \begin{array}{l} \nearrow \\ \searrow \end{array}$$

$$8 \times 7 \times 6 = \begin{array}{l} \nearrow \\ \searrow \end{array}$$

$$9 \times 4 \times 2 =$$

$$5 \times 8 \times 9 =$$

18. Una con flechas as multiplicacións que teñen o mesmo resultado.

$$7 \times 9$$

$$15 \times 3$$

$$9 \times 5$$

$$36 \times 2$$

$$8 \times 7$$

$$14 \times 3$$

$$6 \times 8$$

$$28 \times 2$$


$$7 \times 6$$

$$12 \times 4$$

$$8 \times 9$$



$$21 \times 3$$

19. Observe:



Esta figura ten $2 \times 3 \times 4 = 6 \times 4 = 24$ cubos.

Cantos cubos teñen estoutras figuras?



20. Cantas páxinas ten un libro de sete capítulos que mercamos, se cada capítulo ten 45 páxinas?

21. Para un equipo de fútbol local mércanse uniformes formado por oito camisetas e oito pantalóns de deporte. As camisetas custaron 16 euros e os pantalóns 9 euros. Cal é o custo total dos uniformes?

22. Como consecuencia do quecemento da Terra, estímase que a temperatura sobe dous graos cada 10 anos. Cal será o ascenso das temperaturas en 70 anos? E nun século? (un século ten 100 anos).

REVISIÓN

O SISTEMA SOLAR

LEMBRE

- O sistema solar está composto polo Sol e nove planetas.
- Un destes planetas é a Terra.
- O Sol é unha estrela e ten luz propia.
- A Lúa é un satélite e xira arredor da Terra.
- Os planetas non teñen luz propia e xiran arredor do Sol.
- A Terra recibe luz e calor do Sol.
- A Terra xira arredor do Sol cun movemento chamado de translación e que dura un ano.
- A terra xira arredor do seu eixe cun movemento chamado de rotación, e orixina o día e a noite.
- Para medir o tempo, creáronse varias medidas: o día, a semana, o mes, o ano, etc.
- Os nomes dos días da semana están dedicados á Lúa e a varios planetas.

1. Ordene alfabeticamente as seguintes palabras.

Ceo – infinito – cráter – espazo – planeta – cometa – esférico

2. Complete estas dúas oracións en que a palabra *lúa* ten distintos significados.

- *Onte había _____ chea.*
- *Os noivos foron de _____ de mel.*

3. Agora escriba outras dúas.

- _____
- _____

4. Complete con palabras da familia de *lúa*.

- *As pisadas quedaron sobre a superficie _____.*
- _____ *empezarán as clases.*
- *Xan está un pouco tolo, é un _____*

5. Descubra a solución a esta adiviña.

*Alto me vexo
no meu lugarexo;
non hai home nado nin por nacer.
que de alí me poida mover.*

Solución: _____

O DÍA E A NOITE. AS ESTACIÓNS DO ANO

LEMBRE

- Un día é o tempo que tarda a Terra en dar unha volta arredor do seu eixe. Tamén lle chamamos día ao período de luz que se inicia coa saída do Sol e termina co seu ocaso.
- O día divídese en vinte e catro horas de sesenta minutos cada unha.
- O movemento da Terra arredor do Sol orixina as catro estacións do ano.
- A cantidade de luz solar varía do verán ao inverno.
- Na primavera e no outono, os días teñen a mesma duración que a noite.
- No inverno, os días son os máis curtos do ano.
- No verán, pola contra, os días son os máis longos do ano.

1. Escriba palabras relacionadas coa palabra *tempo*.

T _____
E _____
M _____
P _____
O _____

2. Solucione este pequeno encrucillado.

- A. Último mes do ano.
- B. 9º mes do ano.
- C. 10º mes do ano.
- D. 11º mes do ano.

D	_	_	_	_	B	R	O
S	E	_	_	_	_	_	_
_	_	_	_	B	R	O	
_	_	_	_	_	B	R	O

3. Lea en voz alta estas palabras.

Veloz *luz* *noz*

4. Agora escribaas en plural.

Veloz _____
Luz _____
Noz _____

5. Complete este refrán:

Non deixes para mañá, _____

O TEMPO ATMOSFÉRICO

LEMBRE

- A ciencia que estuda o tempo atmosférico chámase meteoroloxía.
- Os meteorólogos estudan a temperatura, a humidade do aire, o vento, as nubes e as precipitacións.
- As precipitacións poden ser líquidas, como a chuvia, ou sólidas, como a neve e a sarabia.
- A temperatura mídese en graos centígrados ou *celsius*.
- Para prognosticar o tempo envíanse á atmosfera globos e satélites.
- Unha borrasca é unha masa de aire húmido e de presión baixa que indica mal tempo.
- Un anticiclón é unha masa de aire seco e de presión alta que indica bo tempo.
- Os fenómenos atmosféricos provocan moitos mortos e cuantiosos danos materiais en todo o planeta.

1. Copie os adxectivos que poden acompañar a palabra *ceo*.

azul
cuberto

nubrado
eslamiado

redondo
despexado

2. Na sopa de letras están escritos os contrarios destes adxectivos.
Localíceos e escribíbaos.

Fraco, veloz, baixo, estreito, húmido, frío

A	N	C	H	O	T	L	A
D	G	O	R	D	O	C	A
Q	U	E	N	T	E	T	L
N	L	U	C	S	E	C	O
A	T	O	S	F	I	R	A
B	O	S	U	B	L	O	F
L	E	N	T	O	Q	I	N

3. Complete estas comparacións.

Branco coma a _____.

Veloz coma un _____.

Frío coma o _____.

Gris coma o _____.

Redondo coma o _____.

TRABALLAMOS COS NÚMEROS: REVISIÓN

1. Complete:


Expresamos unha suma de sumandos iguais de xeito abreviado mediante unha _____.

$$4 + 4 + 4 + 4 = 4 \times \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

2. Póñalles nome aos termos da multiplicación.

$$\begin{array}{r} 7 \rightarrow \underline{\hspace{2cm}} \\ \times 3 \rightarrow \underline{\hspace{2cm}} \\ \hline 21 \rightarrow \underline{\hspace{2cm}} \end{array} \left. \vphantom{\begin{array}{r} 7 \\ \times 3 \\ \hline 21 \end{array}} \right\} \underline{\hspace{2cm}}$$

3. Un libro de edición de peto custa seis euros. Canto custa unha colección de cinco destes libros?



$$\begin{array}{c} \underline{\quad} + \underline{\quad} + \underline{\quad} + \underline{\quad} + \underline{\quad} = \underline{\quad} \\ \downarrow \\ \underline{\quad} \times \underline{\quad} = \underline{\quad} \end{array}$$

4. Complete.

$4 \times 6 = \underline{\quad}$

$9 \times 5 = \underline{\quad}$

$7 \times 3 = \underline{\quad}$

$2 \times 8 = \underline{\quad}$

5. Constrúa a táboa do 7.

$$0 \text{ veces } 7 = 7 \times 0 = 0$$

$$1 \text{ vez } 7 =$$

$$2 \text{ veces } 7 =$$

6. Complete:

A orde dos factores _____ o resultado da multiplicación.

7. Copie e complete como no exemplo.

$$3 \times 4 = 4 \times 3 = 12$$

$$2 \times 9 = \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

$$6 \times 7 = \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

$$8 \times 5 = \underline{\quad} = \underline{\quad}$$

8. Complete:

O dobre dun número é o resultado de multiplicar ese número por _____.

O triplo dun número é o resultado de multiplicar ese número por _____.

9. Complete a táboa.

DOBRE	NÚMERO	TRIPLO
	8	
	9	
	45	
	67	

10. Complete

Cando multiplicamos un número por cero o resultado sempre é _____.

Cando multiplicamos un número por _____ o resultado é sempre o mesmo número.

11. Complete a táboa.

×	2	3	4	5	6	7
			4			
8						
	18					63
10						

12. Un ano ten 52 semanas. Un lustro son cinco anos. Cantas semanas hai nun lustro?

13. Copie e complete.

$4 \times \underline{\quad} = 12$

$5 \times \underline{\quad} = 20$

$9 \times \underline{\quad} = 18$

$\underline{\quad} \times 6 = 42$

$\underline{\quad} \times 7 = 56$

$6 \times \underline{\quad} = 18$

14. Realice as seguintes multiplicacións.

$$\begin{array}{r} 24 \\ \times 9 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 16 \\ \times 7 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 38 \\ \times 5 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 907 \\ \times 3 \\ \hline \end{array}$$

15. Complete as frases seguintes:

Un quilómetro son _____ metros.

Un _____ son 10 decímetros.

Un metro son 100 _____.

Un _____ son 10 milímetros.

16. Un hospital ten 12 plantas. En cada planta hai catro corredores, e en cada corredor 24 camas. Cantas camas ten o hospital en total?

17. Una con frechas as multiplicacións que teñan o mesmo resultado.

$$24 \times 15$$

$$27 \times 4$$

$$14 \times 18$$

$$12 \times 21$$


$$36 \times 3$$

$$8 \times 55$$

$$40 \times 11$$

$$9 \times 40$$

18. Complete.



19. Realice as seguintes multiplicacións.

$$\begin{array}{r} 26 \\ \times 31 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 92 \\ \times 47 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 58 \\ \times 18 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 706 \\ \times 39 \\ \hline \end{array}$$

20. Complete.

Para saber o número de cuadrículas dunha táboa cómpre multiplicar as _____ polas _____.

21. Un andel para especias ten tres filas e cinco columnas. Cantos botes de especias se poden colocar no andel?

22. Complete.

A orde en que agrupemos os factores da multiplicación non altera _____.

23. Poña un exemplo do enunciado anterior.